



## **RESOLUCIÓN: APROBACIÓN DAS BASES DOS CONCURSOS DO ENTROIDO**

Unha vez visto o informe da técnica de administración e da directora referente á aprobación das bases dos concursos do Entroido de acordo coas indicacións facilitadas e no uso das facultades que teño conferidas, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** – Aprobar as bases do concurso de comparsas – modalidade música e letra, cuxo tenor é o seguinte:

### **“BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS – MODALIDADE MÚSICA E LETRA**

Poderán formar parte do concurso persoas ou entidades, con agrupacións dun mínimo de 10 participantes disfrazados para a ocasión que previamente efectúen a súa inscrición, que poderá realizarse mediante o envío dun correo electrónico a [entroido.imce@coruna.gal](mailto:entroido.imce@coruna.gal) ou mediante a súa presentación nas oficinas do IMCE (Avda. da Mariña, 18, 15003 A Coruña).

O prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso é de **dez días naturais**, que se contará dende o día seguinte ao da publicación na páxina web.

A inscrición deberá acompañarse do texto escrito en tamaño A4 e o arquivo sonoro dos dous temas a interpretar no concurso.

A participación de cada grupo consistirá en interpretar dúas cancións co oportuno acompañamento musical durante un tempo máximo de intervención de 4 minutos por canción.

O tempo máximo de permanencia sobre o escenario límitase a 15 minutos, incluídos os minutos de interpretación dos dous temas musicais. Os temas non poden terse presentado en edicións anteriores do concurso.

Establécense os seguintes premios:

<b>Primeiro premio:</b>	<b>2.000,00 €</b>
<b>Segundo premio:</b>	<b>1.200,00 €</b>
<b>Terceiro premio:</b>	<b>900,00 €</b>

O concurso resolverase nun Festival que terá lugar o **sábado 7 de febreiro ás 18:00 horas**. Informarase ás persoas participantes do lugar exacto onde se realizará, sendo sempre dentro do termo municipal da Coruña.

A orde de actuación será determinada pola organización. **No caso de que se reciban máis de 6 inscricións, realizarase unha selección previa por parte do persoal técnico do IMCE.** Poderá valorarse a participación dalgunha outra comparsa na modalidade fora de concurso.

Cada colectivo deberá presentar a documentación que se lle precise, así como aterse ás instrucións de emerxencia que lles indiquen, e, deberán ter o seu propio plan de seguridade que se incluírá no Plan de emerxencia.

Todos os participantes deberán dispoñer de seguro de asistencia sanitaria ante calquera incidente que poida xurdir durante a celebración da actividade.

O Xurado estará composto pola Ilma. Sra. Alcaldesa - Presidenta do Excmo. Concello da Coruña ou persoa na que delegue, catro persoas que designe a presidencia do IMCE e o Sr. Secretario Xeral do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, que levantará acta.

O importe dos premios quedará suxeito ás retencións que a lexislación vixente establece.

O Xurado deliberará e emitirá o seu fallo a o finalizar as actuacións, para o que terá en conta a simpatía e agudeza das letras, a natureza da composición musical (orixinal ou non) a correcta execución da interpretación musical tanto oral como instrumental en directo, a afinación e o axuste do conxunto coral.

O fallo do Xurado será inapelable.

A inscrición no Concurso levará implícita a aceptación das presentes bases.

A comparsa gañadora terá que interpretar en directo as dúas cancións do concurso, utilizando todos os medios musicais empregados no concurso, o venres 13 de febreiro ás 21:00 horas no acto de entronización do Deus Momo que terá lugar no Obelisco.

O resto das comparsas participantes tamén deberán estar presentes no acto de entronización.

Para poder acceder a calquera dos premios é necesario participar no concurso e formar parte do desfile de carrozas e comparsas que discorrerá dende O Cantón Pequeno ata a Praza de María Pita o sábado 14 de febreiro a partir das 17:30 horas.

Así mesmo, a comparsa gañadora actuará, con todos os seus membros, no programa especial de radio Entroido 2026, que se emitirá en directo o martes 17 de febreiro de 12:20 a 14:00 horas desde o Campo da Leña ou onde se determine pola organización se as condicións meteorolóxicas non permiten a súa realización nese lugar."

**SEGUNDO.** – Aprobar as bases do concurso de comparsas – modalidade de vestiario e coreografía, cuxo tenor é o seguinte:

#### **"BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS – MODALIDADE DE VESTIARIO E COREOGRAFÍA**

Poderán formar parte do concurso persoas ou entidades con agrupacións dun mínimo de 10 participantes disfrazados para a ocasión que previamente efectúen a súa inscrición, que poderá realizarse mediante o envío dun correo electrónico a [entroido.imce@coruna.gal](mailto:entroido.imce@coruna.gal) ou mediante a súa presentación nas oficinas do IMCE (avenida da Marina, 18, 15003 A Coruña).

O concurso se celebrará no desfile de carrozas e comparsas que se celebrará o **sábado 14 de febreiro a partir das 17:30 horas** no percorrido que se indique pola organización. A hora de presentación é as 16:15 horas.

O prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso é de **dez días naturais**, que se contará dende o día seguinte ao da publicación na páxina web.

Establécense os seguintes premios:

<b>PRIMEIRO PREMIO</b>	<b>2.500,00 €</b>
<b>SEGUNDO PREMIO</b>	<b>1.500,00 €</b>
<b>TERCEIRO PREMIO</b>	<b>1.000,00 €</b>
<b>CUARTO PREMIO</b>	<b>750,00 €</b>
<b>QUINTO PREMIO</b>	<b>500,00 €</b>

Para poder acceder a calquera dos premios é requisito imprescindible realizar o percorrido completo do desfile de carrozas e comparsas.

Será obrigatoria a participación dun representante da comparsa gañadora do primeiro premio no programa especial de radio Entroido 2026, que se emitirá en directo o martes 17 de febreiro de 12:20 a 14:00 horas desde o Campo da Leña, ou onde se determine pola organización se as condicións meteorolóxicas non permiten a súa realización nese lugar.

Cada colectivo deberá presentar a documentación que se lle precise, así como aterse ás instrucións de emerxencia que lles indiquen.

Todos os participantes deberán dispoñer de seguro de asistencia sanitaria ante calquera incidente que poida xurdir durante a celebración da actividade.

O Xurado estará composto pola Ilma. Sra. Alcaldesa - Presidenta do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, catro persoas que designe a presidencia do IMCE e o Sr. Secretario Xeral do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, que levantará acta.

O importe dos premios quedará suxeito ás retencións que a lexislación vixente establece.

O Xurado deliberará e emitirá o seu fallo ao finalizar o desfile de carrozas e comparsas, para o que terá en conta tanto os disfraces presentados como a singularidade das creacións, os materiais de elaboración, a confección artesanal, a complexidade da confección, a orixinalidade, o volume de elementos presentados, os acabados dos disfraces e os seus complementos, así como a graza para a súa porte e as coreografías que as comparsas desenvolvan durante o desfile.

O fallo do Xurado será inapelable.

A inscrición no Concurso levará implícita a aceptación das presentes bases."

**TERCEIRO.** – Aprobar as bases do concurso de carrozas co seu anexo, cuxo tenor é o seguinte:

#### “BASES DO CONCURSO DE CARROZAS

Poderán formar parte do concurso persoas ou entidades con agrupacións dun mínimo de 10 participantes disfrazados para a ocasión que previamente efectúen a súa inscrición que previamente efectúen a súa inscrición, que poderá realizarse mediante o envío dun correo electrónico a [entroido.imce@coruna.gal](mailto:entroido.imce@coruna.gal) ou mediante a súa presentación nas oficinas do IMCE (avenida da Marina, 18, 15003 A Coruña).

Para participar no concurso deberase construír unha carroza e a asistir con ela ao desfile de carrozas e comparsas. O concurso se celebrará no desfile de carrozas e comparsas que se celebrará o **sábado 14 de febreiro a partir das 17:30 horas** no percorrido que se indique pola organización. A hora de presentación é as 16:15 horas.

O prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso é de **dez días naturais**, que se contará desde o día seguinte ao da publicación na páxina web.

Será obrigatoria a participación dun representante da carroza gañadora do primeiro premio no programa especial de radio Entroido 2026, que se emitirá en directo o martes 17 de febreiro de 12:20 a 14:00 horas dende o Campo da Leña, ou onde se determine pola organización se as condicións meteorolóxicas non permiten a súa realización nese lugar.

Enténdese por carroza, a estes efectos, unha estrutura de grandes dimensións sobre rodas, ben sexa autopropulsada ou remolcada, confeccionada ao efecto e convenientemente deseñada e decorada.

Para a participación deberase contar cun propio plan de seguridade que se incluírá no Plan de emerxencia do desfile.

As carrozas deberán cumprir o esixido no Anexo 1 adxunto e respectar a normativa de seguridade aplicable.

Non poderán inscribirse como carroza turismos particulares decorados.

No caso de que, a causa da participación da carroza no concurso, se produzan danos a bens ou persoas durante a construción, organización e/ou posterior desenvolvemento do desfile de carrozas e comparsas, a responsabilidade que se poida derivar será asumida solidaria e integramente polos integrantes do grupo da carroza implicada.

Establécense os seguintes premios:

<b>PRIMEIRO PREMIO</b>	<b>3.500,00 €</b>
<b>SEGUNDO PREMIO</b>	<b>1.500,00 €</b>
<b>TERCEIRO PREMIO</b>	<b>1.000,00 €</b>
<b>CUARTO PREMIO</b>	<b>750,00 €</b>
<b>QUINTO PREMIO</b>	<b>500,00 €</b>

Para poder acceder a calquera dos premios é necesario facer o percorrido completo do desfile.

O Xurado estará composto pola Ilma. Sra. Alcaldesa - Presidenta do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, catro persoas que designe a presidencia do IMCE e o Sr. Secretario Xeral do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, que levantará acta.

O importe dos premios quedará suxeito ás retencións que a lexislación vixente establece.

O Xurado deliberará e emitirá o seu fallo ao finalizar o desfile, para o que terá en conta a singularidade das carrozas e comparsas, os materiais de elaboración, a construción artesanal, a complexidade das construcións, os acabados, a orixinalidade da proposta e a concordancia da carroza coa comparsa á que acompaña.

O fallo do Xurado será inapelable.

A inscrición no Concurso levará implícita a aceptación das presentes bases.

## **ANEXO 1 ÁS BASES DO CONCURSO DE CARROZAS**

### **1. Cabeza tractora**

Cada carroza contará cun tractor ou medio de locomoción que o remolque durante o percorrido. En caso de camión-carroza, non será necesario outro vehículo para remolcar.

Os vehículos a motor cumprirán o establecido no RD 2822/1998 (Regulamento Xeral de Vehículos) e deberán contar con: permiso de circulación, de inspección técnica (ITV) e os seguros correspondentes, baixo responsabilidade das persoas que figuren como inscritos.

Os choferes deberán contar co permiso de conducir apropiado para cada vehículo con remolque, que deberá estar en vigor á data do evento.

Por motivos de seguridade, a Policía Local poderá realizar controis de alcoholemia e/ou drogas, segundo lexislación vixente.

Os condutores cumprirán o establecido no RD 818/2009 (Regulamento xeral de condutores). Prohíbese o consumo de bebidas alcohólicas.

Os vehículos de arrastre deberán ter cheo o depósito de combustible para evitar problemas durante o percorrido pola cidade.

### **2. Remolques – carrozas**

As medidas máximas serán dun longo non superior aos 8 metros (incluído gancho), dun ancho non superior aos 2,5 metros e dun alto non superior a 4 metros. En ningún caso se poderán exceder as medidas establecidas.

Non deberán posuír elementos cortantes e contar con faldróns que protexan e oculten as rodas.

Os elementos con puntos de ancoraxe automáticos serán facilmente desmontables e non poderán sobresaír dos laterais.

O decorado será de material ignífugo.

Os equipos de son e de luz terán que ir protexidos e ocultos.

Débese evitar utilizar iluminación mediante velas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.

Por motivos de seguridade non se permitirá a reposición de combustible, deberá estar suficientemente dimensionado para evitar a reposición ou levar un grupo de reserva.

### 3. Normas xerais

Deberá levar un mínimo dun extintor homologado e revisado por carroza. A eficacia mínima do extintor debe ser 21A-113B. Evitarase a utilización de dispositivos lanzachamas nin pirotecnia.

Deberase presentar unha declaración responsable segundo modelo adxunto.

Cada colectivo deberá presentar a documentación que se lle precise, así como aterse ás instrucións de emerxencia que lles indiquen, e, deberán ter o seu propio plan de seguridade que se incluírá no Plan de emerxencia.

Todos os participantes deberán dispoñer de seguro de asistencia sanitaria ante calquera incidente que poida xurdir durante a celebración da actividade.

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE CONCURSO DE CARROZAS

Nome e apelidos (representante):		NIF:
Dirección:		
Teléfono de contacto:	Email:	
Asociación / Colectivo:		CIF:

Descripción breve da carroza:		
Actividade:	Día:	Hora:
CONCURSO DE CARROZAS		

**DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

- Que o colectivo ó que represento está en posesión de toda a documentación requirida pola lexislación vixente, de tal forma que acredite que tanto a cabeza tractora como o remolque que participan no desfile do Entroido da cidade da Coruña do ano 2026 cumpren con dita normativa, así como contar cos extintores e botiquín de primeiros auxilios precisos.
- Que durante a participación no concurso seguiremos en todo momento as instrucións da Organización e a Policía Local da Coruña.
- Que contaremos cun seguro de responsabilidade civil (dacordo coa Lei de espectáculos e actividades recreativas de Galicia) e cun seguro de accidentes de cada un/ha dos participantes no concurso.

A Coruña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

Sinatura:

Nome e apelidos. Selo da entidade/empresa.”

**CUARTO.** – Aprobar as bases do concurso infantil e familiar de choqueiras e choqueiros, cuxo tenor é o seguinte:

**“BASES DO CONCURSO INFANTIL E FAMILIAR DE CHOQUEIRAS/OS**

Poderán presentarse ao Concurso todos os nenos e nenas que se inscriban o mesmo día da súa realización, dende unha hora antes do seu inicio no lugar no que vai ter lugar (**martes 17 de febreiro ás 17:00 horas no Campo da Leña**, ou onde se determine pola organización se as condicións meteorolóxicas non permiten a súa realización nese lugar). O horario de inscricións abrirase ás 16:00 horas e pecharase no momento no que dea comezo o concurso ás 17:00 horas.

Poderán participar no concurso os **nenos e nenas nados a partir do 1 de xaneiro de 2014**.

Poderase participar nunha única modalidade: individual ou en grupo (máis de dous participantes). Non se permite a inscrición en ambas modalidades.

A participación en grupo pode ser familiar ou en grupos de varias familias. Neste caso as persoas adultas acompañarán aos nenos e nenas no seu concurso. Os concursantes son as nenas e os nenos, e como mínimo dous deles teñen que cumprir co requisito da idade.

Enténdese por “choqueiras e choqueiros” aquelas persoas que, sen utilizar traxes comercializados, se disfracen utilizando a súa propia inventiva e atavíos convencionais para resultar estrafalarios. Todos os participantes concursarán nunha mesma e única categoría (individual ou grupal).

Outórganse os seguintes premios:

#### **MODALIDADE INDIVIDUAL**

Un primeiro premio: Vale de 100 € para Lote de libros de Literatura Infantil e vale de 50 € para tarrinas de Bico de xeadado.

Dous segundos premios: Vale de 75 € para Lote de libros de Literatura Infantil e vale de 50 € para tarrinas de Bico de xeadado.

Tres terceiros premios: Vale de 50 € para Lote de libros de Literatura Infantil e vale de 50 € para tarrinas de Bico de xeadado.

#### **MODALIDADE FAMILIAR (PERMÍTESE A PARTICIPACIÓN EN FAMILIA. MÁXIMO 6 INTEGRANTES)**

Un primeiro premio: Vale de 150 € para Lote de libros de Literatura Infantil e vale de 50 € para tarrinas de Bico de xeadado.

Dous segundos premios: Vale de 100 € para Lote de libros de Literatura Infantil e vale de 50 € para tarrinas de Bico de xeadado.

Tres terceiros premios: Vale de 75 € para Lote de libros de Literatura Infantil e vale de 50 € para tarrinas de Bico de xeadado.

O Xurado estará composto pola Ilma. Sra. Alcaldesa - Presidenta do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, catro persoas que designe a presidencia do IMCE e o Sr. Secretario Xeral do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, que levantará acta.

Os premios entregaranse unha vez finalizado o pase de disfraces e o Xurado efectúe a correspondente deliberación.

O Fallo do Xurado será inapelable.

A inscrición no Concurso levará implícita a aceptación das presentes bases.”

**QUINTO.** – Aprobar as bases do concurso de choqueiras e choqueiros, cuxo tenor é o seguinte:

#### “BASES DO CONCURSO DE CHOQUEIRAS E CHOQUEIROS

Inscrición de participantes o mesmo día, **martes 17 de febreiro de 19:00 a 20:00 horas**, na entrada principal da Escola Municipal de Música (Rúa da Torre, 67).

Poderase participar nunha única modalidade: individual ou de grupo (máis de dúas persoas). Non se permite a inscrición en ambas as modalidades.

Poderán formar parte no Concurso de Choqueiras e Choqueiros todas as **persoas nadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014**. As persoas de idade inferior a 18 anos, deberán ser acompañados e representados por un adulto.

O concurso desenvolverase nun escenario instalado na Rúa da Torre confluencia coa Rúa Curros Enríquez ou onde se determine pola organización, se as condicións meteorolóxicas non permiten a súa realización nese lugar. Hora de inicio: 20:00 horas.

Enténdese por Choqueiras e Choqueiros aquelas persoas que, sen utilizar traxes comercializados, se disfracen utilizando a súa propia inventiva e atavíos convencionais para resultar estrafalarios.

Establécense os seguintes premios:

#### **MODALIDADE INDIVIDUAL**

Un primeiro premio de 700,00 €

Dous segundos premios de 300,00 €

Tres terceiros premios de 150,00 €

#### **MODALIDADE DE GRUPO**

Un primeiro premio de 1.000,00 €

Dous segundos premios de 500,00 €

Tres terceiros premios de 200,00 €

Ademais entregaranse 100 lotes de Entroido (1 mini lacón e unha ristra de chourizos), aos primeiros inscritos. Na categoría de grupo entregaranse un máximo de 4 lotes por grupo.

O Xurado estará composto pola Ilma. Sra. Alcaldesa - Presidenta do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, catro persoas que designe a presidencia do IMCE e o

Sr. Secretario Xeral do Excmo. Concello da Coruña ou persoa en quen delegue, que levantará acta.

Os premios entregaranse unha vez finalizado o pase de disfraces e o Xurado efectúe a correspondente deliberación.

O Fallo do Xurado será inapelable.

A inscrición no Concurso levará implícita a aceptación das presentes bases."

**SEXO.** – Publicar as bases dos concursos do Entroido na páxina web municipal.

**SÉTIMO.** – Autorizar o gasto por importe de 22.925,00 €, en concepto de realización dos concursos do Entroido 2026, imputando 21.950,00 € á aplicación 338/481.00 e 975,00 € á aplicación 338/226.99 do Presuposto do IMCE en vigor.

A Coruña, 10 ENERO

A presidenta, PD,  
O vicepresidente

Gonzalo Henrique Castro Prado  
(Decreto DEC/AYT/4553/2025 de 23 de xuño de 2025)

